

FALANDO CLARO

Claro José Sendón Lamela, nacido en Louro - Muros en 1897 e finado en Nova York en 1937, deixounos en apenas corenta anos unha peripe- cia vital tan convulsa e turbulenta coma a época que lle tocou vivir. Sendo aínda un neno, cruza o Atlántico como parte do masivo éxodo galego de principios do século XX. En Buenos Aires, encirrado pola súa inqueda curiosidade, inicia unha formación autodidacta que anos despois agromaría no seu traballo xornalístico e alí aca- da tamén a conciencia de clase que o fará, fillo do pobo, traballar arreo a prol da causa dos des- posuídos, sempre desde os principios anarco- sindicalistas que aprendeu e practicou nas loitas obreiras arxentinas. Xa un mozo, nos anos 20, atopámolo participando activamente nos círcu- los libertarios de Filadelfia e Nova York, moi en contacto coa prensa ácrata de Barcelona e atento á evolución do crecente anarquismo galego, no que se integrará con decisión no seu retorno á terra nos anos 30, desenvolvendo un intenso la- bor na sección galega da CNT. Orador de reco- ñecida valía, organizador incansable (sobre todo na bisbarra do Barbanza) e posuidor dunhas persoais dotes xornalísticas que o levarían a pu- blicar en numerosas cabeceiras ácratas españo- las, dirixir o semanario Solidaridad Obrera na Coruña e integrar a redacción do Diario CNT en Madrid, Claro foi unha das figuras sobranceiras do sindicalismo galego nos tempos da 2ª Repú- blica.

FALANDO CLARO trata de reconstruír a vida aventureira dun personaxe único a través dos textos que nos deixou. Por medio deles transi- taremos pola Semana Tráxica arxentina, polos anos 20 neoiorkinos, polo Crack de 1929 e a posterior Grande Depresión, pola vitalidade dos primeiros días da República e o agre Bienio Negro, por insólitos episodios do anarquismo galego, polos ominosos días pre- vios á sublevación militar e, finalmente, pola Guerra Civil española.

As palabras dun rebelde, deste afouto rebelde de Louro, libertarias e radicais, agudas e re- tranqueiras, dramáticas e emocionantes, serán a nosa guía para coñecer unha figura nove- lesca que malia parecer de outro mundo, é do noso; e para revisitar unha parte moi impor- tante do noso pasado, que malia parecer de outra historia, tamén é a nosa.

